

EXPEDIENTE: 2022/E001/000005

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA TÉCNICOS/AS DE APOIO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 114/2022 do 31/03/2022 aprobouse a formación dunha bolsa de emprego para o posto de técnico/a de apoio a Programas Integrados de Emprego do Concello de Dodro, cuxa selección foi regulada polas Bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 33/2022 do 03/02/2022.

A efectos da execución do Programa Integrado de Emprego 2022-2023 concedido a este concello por Resolución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de data 15/11/2022, foi preciso contratar unha técnico de apoio para o que se utilizou a citada bolsa de emprego.

A efectos da execución do Programa Integrado de Emprego 2023-2024 concedido a este concello por Resolución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de data 14/11/2023, foi preciso contratar unha técnico de apoio para o que se utilizou a citada bolsa de emprego, se ben por Resolución da Alcaldía núm. 193/2024 do 25 de abril de 2024 entendeuse producida de xeito automático a situación de excedencia por incompatibilidade da técnico de apoio referida. Solicitados chamamentos ás dúas únicas restantes integrantes da bolsa, ningunha delas aceptou o mesmo.

Considerada a necesidade de realizar un novo procedemento de selección de persoal para a formación dunha bolsa de técnicos/as de apoio a Programas Integrados de Emprego, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/05/2024 aprobáronse as bases do proceso de selección así como a convocatoria.

Tramitado o procedemento, cómpre aprobar a relación de candidatas que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos de formación de bolsa de emprego de técnicos/as de apoio a Programas Integrados de Emprego do Concello de Dodro, se ben con carácter previo cómpre derrogar expresamente a bolsa de emprego creada por Resolución da Alcaldía núm. 114/2022 do 31/03/2022.

Considerando que a base novena das que regularon o proceso e que foron aprobadas por Resolución de alcaldía núm. 33/2022 de data 03/02/2022 e publicadas na páxina web do Concello de Dodro (www.dodro.gal), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro e publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 27 do 09/02/2022 recolle que:

"6.- A bolsa de traballo extinguirase unha vez transcorridos tres anos a contar desde a data da Resolución da Alcaldía que aprrobe a relación e orde de prelación da mesma unha vez rematado o proceso selectivo, ou por derrogación expresa por Resolución da Alcaldía, sendo aplicable a calquera nomeamento/contratación



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de técnico/a de apoio de Programas Integrados de Emprego que concedan/realicen no Concello de Dodro.”

En uso das facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Derrogar expresamente a bolsa de emprego para o posto de técnico/a de apoio a Programas Integrados de Emprego, creada mediante Resolución da Alcaldía núm. 114/2022 do 31/03/2022.

Segundo.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, , de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL. .

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe, Sandra María García Chenlo*